


CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

7-8 de xullo do 2018

XIV DO TEMPO ORDINARIO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INJUSTA,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO n° 3 🎵 *Unha xuntanza de amor (estrofa 3)*

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

Na vida non todo é un camiño fácil, nin hoxe nin nos tempos de Xesús.

Polo que nos conta o evanxeo, parece que tivo unha experiencia dolorosa: querendo estar á beira da xente resultou que os seus rexeitárono. Achegouse ao seu pobo, e aquel do que todo o mundo falaba e admiraba, para eles non era máis ca o fillo dun veciño, non era ninguén.

Nas nosas vidas tamén pasan cousas semellantes ás vividas por Xesús cando se atreveu a achegarse cunha proposta chocante e innovadora: o EVANXEO. Cústanos apreciar e valorar o que temos cerca, e énos máis fácil dar valor ao de fora ou ao de lonxe.

Hoxe, agora, queremos celebrar a fe apreciando aos que están á nosa beira, aos que son da nosa terra, aos que son da nosa parroquia.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *Este xeito de Xesús vivir demostranos que vale a pena compartir con todas as persoas dende a actitude da constancia, dende o día a día, dende o simple feito de querer estar á beira dos demais.*

Así queremos pedir perdón e renovar con Xesús os nosos compromisos pois así foi como el viviu.

Monitor/a

- Comprometémonos con Xesús a apreciar á xente da nosa terra?

SI COMPROMETÉMONOS

- ¿Comprometémonos con Xesús a apreciar aos demais polo que son e non polo que teñen?

SI COMPROMETÉMONOS

- ¿Comprometémonos con Xesús valorar por como se é, e non por ser fillo de quen é?

SI COMPROMETÉMONOS

Celebrante *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, e dos que se senten criticados e marxinados, a todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior, e dun xeito especial queremos ser hoxe a voz das persoas que non se senten acollidas.

(silenzo)

Deus, Noso Pai,
pola humilde obediencia do teu fillo
fixéchesnos partícipes do teu perdón.
Concédenos ao teu pobo a túa santa alegría
e lévanos a ter parte da felicidade eterna.
Pedímoscho a Ti, Pai, por Xesucristo teu fillo,
que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

No Leccionario II – B páxina 212

LECTURA

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA EZEQUIEL

nº 7 🎵 *Andarei na presenza do Señor*

SALMO

(en pé) *No Leccionario II – B páxina 214*

EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO EVANXEO DE MARCOS

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial no que renovamos os nosos compromisos con Xesús, queremos coma EL, medrar día a día estando á beira da xente dando froitos no camiño do respecto e non dende as críticas baleiras. Dicimos

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a

Credes en Deus Pai, creador do ceo e máis da terra, que á súa imaxe e semellanza nos convida a acoller aos demais?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, o seu fillo benquerido, que coa súa vida nos demostra que o aprecio e o valor das persoas nace de cómo se é e non por ser fillo de alguén importante?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo, que nos alenta a apreciar aos demais polo que realmente son e non por apariencias?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa, comunidade viva, que ao xeito de Xesús, somos chamados a apreciar ás persoas sen facer diferenza de raza, lingua, cultura ou territorio?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante Oremos a Xesús, e como parroquia poñamos nas súas mans os nosos mellores desexos para esta comunidade na que vivimos, agradecendo todo o que hai de bo entre nós. Oremos dicindo
Señor guíanos no teu camiño

Monitor/a

1. Para andar coma ti apegados sempre aos que máis precisan de pan, consolo e refuxio. Rezamos
2. Para non cansar, aínda que ás veces o noso traballo sexa criticado e non sexa valorado e acollido. Rezamos
3. Para seguir traballando por unhas comunidades cristiás máis sinxelas e verdadeiras que non teñan medo ao que dirán. Rezamos
4. Para aprender a traballar en comunidade polos dereitos de todos, sobre todo dos máis pequenos e necesitados. Rezamos
5. Para non calar a traxedia dos refuxiados, para non deixarnos levar pola crítica fácil. Rezamos

Celebrante Señor Xesús escoita as nosas pregarías, e énchenos do alento que te levaba a estar á beira dos veciños aínda que non todos te aceptaran. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante Entremos no corazón do Deus que é Pai, deixémonos encher do seu amar sereno e cheo de tenrura e con Xesús e o seu xeito de estar á beira das xentes recemos dicindo

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ser coherentes con Xesús no que dicimos e no que facemos. A paz faise dende a igualdade, faise con tolerancia, faise con todas as mans, faise con respecto e fuxindo das críticas fáciles. Coma irmáns dámonos a paz.

CANTO ♪ n° 36 *Fagamos a paz irmáns*

COMUÑÓN

Celebrante: A mesa da Fe é anticipo da mesa do Reino; participar nela é querer vivir dando unha man a quen a necesita, e é apreciar todo o que de bo hai á nosa beira, entre os nosos veciños. Ditosos todos nós, que nos sentimos convidados a esta mesa do Señor.

CANTO n°50 ♪ *Na tardiña baixa da vida*
ou n°48 ♪ *O pouco que Deus nos dá*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Señor, ti échesnos na vida co evanxeo. Fai que non deixemos nunca de apreciar aos que están á nosa beira, de xeito que os froitos do noso camiñar sexan verdadeiros e coherentes con Xesucristo, noso Señor, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

Con Xesús cremos que vale a pena facer evanxeo apreciando máis e criticando menos aos nosos veciños.

Con Xesús queremos facernos cribles e sen medo a ser semente dun mundo que respecta, na igualdade e nas diferenzas.

Con Xesús queremos dar grazas aos veciños e veciñas da parroquia que non se deixan levar polas apariencias nin polo que dirán.

Avisase das misas (ver folla do mes)

Avisase da excursión dos cativos de catequese. Será o martes 17 de xullo. Iremos ao parque acuático de Cerceda. Avisar dende xa a curas ou catequistas.

Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén